



REX

Cando mamá viu a Rex dixo que non quería animais na casa e que aquel can podía ser perigoso. Mentres, Rex empezou a morder o coxín do sofá.

Cando chegou papá, conteille o sucedido e el dixo que mamá tiña razón, que o can era descoñecido e que podía estar doente e mordernos. Eu respondinlle que Rex non estaba enfermo. Papá mirou a REx, rañoulle a cabeza e dixo:

☞ *É certo que parece san o canciño este.*

Rex púxose a lamberlle a man e papá dixo:

☞ *É simpático. Espérame aquí. Vou tratar de amañar isto coa túa nai.*

Cando papá saíu explicoume que mamá non quería un can na casa. Eu dixen:

☞ *Se mamá non quere a Rex na casa, podíámolo ter no xardín.*

Papá reflexionou un chisco e despois dixo que era una boa idea. Eu deille una aperta forte.

Papá empezou a escoller unas táboas no faiado e dixo:

☞ *Xa verás, ímoslle facer una casete xeitosa. Un verdadeiro pazo.*

Eu dixen:

☞ *i E despois habémoslle aprender a facer una chea de monadas e ha de coidar a casa!*

Un día, cando a casa de Rex xa estaba feita e mamá xa estaba leda con el, chamaron á porta no xardín.

☞ *Quiquí! i Por fin atópote! iBusqueite por todas partes!*

1. *Fai un pequeno resumo do texto.*

2. *Contesta.*

¿Como se chama o protagonista da historia?

¿Que lle di a súa nai do can?

¿Onde lle fan a casa o can?


¿ Que pasou o final?

3. *Busca no dicionario as seguintes palabras.*

RAÑAR:

PAZO:

XEITOSA:



SALVAR OS BOSQUES

A diversidade dos bosques é unha riqueza inestimable: neles vive máis da metade das especies de seres vivos. Cada parcela de bosque que desaparece pode significar a morte de moitas especies animais e vexetais.

Os bosques están ameazados polos incendios, polas enfermidades e pola chuvia ácida producida pola contaminación que mata árbores.

Ademais, cada minuto desaparecen máis de vinte hectáreas a causa da decota e da corta de madeira con fins comerciais. En dez anos o bosque primario desaparecerá e será substituído por un bosque máis pobre en especies.

Os bosques inflúen sobre a formación de nubes e ventos e, en definitiva, sobre o clima. Producen osíxeno, protexen o solo e enriquecéno.

Todos somos responsables da súa conservación.

1. CONTESTA.

☞ *¿Que feito trata no texto?*

☞ *¿Que razóns dá o autor do texto para defender a necesidade de salvar os bosques?*

2. *Copia a idea principal de cada parágrafo.*

PARÁGRAFO 1:

PARÁGRAFO 2:

PARÁGRAFO 3:

PARÁGRAFO 4:

3. *¿Que cousas crees que deberíamos facer para solucionar o problema?*

4. Busca no dicionario as seguintes palabras.

INESTIMABLE: _____

DECOTA: _____

PARCELA: _____

ÁCIDA: _____

5. Divide as seguintes palabras en sílabas e rodea a sílaba tónica.

BOSQUE →

TALAR →

CONTAMINACIÓN →

ÁRBORES →

ANIMAIS →

VEXETACIÓNS →

ÁCIDA →

PARCELA →

MADEIRA →

Vantaxes e inconvenientes do automóbil



Desde que no século pasado apareceron os primeiros automóviles ata a actualidade, estes inventos cambiaron moito, sendo cada vez máis modernos e complicados.

Polas indubidables vantaxes que proporcionan, os automóviles chegaron a facerse imprescindibles, pero a súa utilización diaria para moverse en traxectos curtos dá lugar a diversas opinións.

Algunhas persoas están a favor da utilización diaria do automóbil propio debido á comodidade e á independencia que lles proporciona.

Outras persoas, pola contra, avogan polo uso de transporte público, xa que, ademais de resultar máis económico e evitar os problemas de aparcamento, reduce a contaminación, axudando así á conservación e ó coidado do medio ambiente.

En resumo, pensamos que o automóbil, maila que é un gran invento que nos proporciona moitas vantaxes, debemos utilizalo só cando sexa imprescindible e substituílo polo transporte público sempre que sexa posible.

1. *Fai un resumo do texto.*



2. Completa.

TEMA DO TEXTO: _____

RAZÓNS A FAVOR : _____

RAZÓNS EN CONTRA: _____

CONCLUSIÓN: _____

3. ¿Que outras razóns a favor e en contra se che ocorren? Escribeas.

4. Busca no dicionario.

SÉCULO: _____

AVOGAR: _____

VANTAGES: _____

UNHA CASA CON PROBLEMAS

Unha noite a súa nai achegouse ata a cama da nena e espertouna:

- *Ven, é un espectáculo marabilloso. Non fagas ruído, para que non esperte papá.*

Marta ergueuse e foi canda ela ata a terraciña. O ceo estaba excepcionalmente nítido e víase, aínda sen telescopio, unha inmensa cantidade de estrelas.

- *Mira - díxolle Clara -. Agora teño enfocada a constelación de Orión. ¿Verdade que é fermosa?*

Marta mirou polo visor do telescopio. Tratou de ver aquela constelación da que falaba a súa nai, pero só puido ollar unha gran cantidade de estrelas espalladas polo fondo negro do ceo.

- *Vexo estrelas, pero non sei a cáles lles chamas ti Orión.*

Clara, entón, prendeu a lanterna e debuxou nun papel a forma que tiña a constelación.

- *¡ Xa a vexo ! ¡ Desta vez, si!- dixo Marta, ó cabo dun pouco tempo.*

A súa nai continuou localizando estrelas e constelacións durante m, oito tempo. A iso das catro decidiron ir deitarse. A súa nai acompañouna ata o cuarto e axudoulle a meterse outra vez na cama. Cando xa se ía dixo:

- *E a ver se mañá, cando te ergas, recoller os libros, non me gusta nada que teñas todo así.*

Marta mirou para a súa librería. Os andeis estaban case baleiros e os libros aparecían todos tirados polo chan, espaxados en pequenos montóns. Pero Marta non fixera tal cousa. Estaba segura de que quedarán ben colocados nos andeis cando se deitara. ¿Cómo era posible que estivesen agora no chan?



1. *Contesta.*

 *¿Cal é o motivo polo que Clara levanta a Marta da cama?*

 *¿Por que lle rifa a Marta a súa nai?*

 *¿Como se chama a constelación que ían ver ?*

 *Co que aparello miran as estrelas?*

2. *Pon verdadeiro ou falso nas seguintes oracións.*

➡ *Marta espertou a súa nai para ver as estrelas.*

➡ *O pai de Marta estaba durmindo.*

➡ *Clara é a nai de Marta.*

➡ *Marta tiña a habitación ordenada.*

➡ *Viron as estrelas cun prismático.*

3. *Que farías ti se ves unha estrela fugaz.*



A FÁBULA: A RAPOSA E AS UVAS

Había unha vez unha raposa que estaba morta de fame. Levaba tempo de arriba para abaixo buscando algunha cousa para matar o bicho cando foi parar a unha viña espléndida. As vides estaban emparradas e un acio colgaba, maduro e tentador, por enriba da súa cabeza.

- ¡ Agora si que sacarei barriga de mal ano! - Exclamou a raposa, contentísima.

Estirou o fuciño aguzado e probou de chegar a uns cantos bagos de acio. Pero estaban demasiado altos e non os puido tocar.

Despois foise cara atrás para coller impulso e dar un gran salto.


E deuno, e saltou..., pero non lle foi abondo: a uva nin sequera lle rozou os dentes.

¡Pobre raposa, deu saltos e saltos e saltos!

Pasado un bo tempo, a raposa resopraba; estaba reventada e seguía tendo fame.

Ergueu a cabeza, mirou para as uvas cun chisco de rancor e, finalmente, levantando o morro, virou o rabo con moita dignidade e dixo:

- ¡Abofé que podería fartarme se quixese,pero, agora que me fixei ben, este acio aínda está ben verde e non vale nada!.



ESOPO

A fábula é unha narración, xeralmente protagonizada por animais, que transmite unha ensinanza moral. Os animais que protagonizan as fábulas compórtanse coma seres humanos, é dicir, o autor personificounos. Isto serve para que as persoas se vexan representadas neles e aprendan algunha cousa da historia que protagonizan.

1. Lee a fábula e responde estas preguntas.

❏ ¿Que calidades humanas che parece que ten a raposa?

❏ ¿Por que?

❏ ¿Cales destas calidades cres que son defectos?

❏ ¿Cales son virtudes?

 ¿Que ensinanza nos fala esta fábula?

 Que quere dicir con esta expresión

" Podía fartarme se quixese pero están ben verdes e non valen nada"



COMENZAR A CASA POLA SAUNA

Nalgúns países do mundo as casas teñen unha estrutura diferente da que teñen aquí. En Finlandia, por exemplo, vai moitísimo frío, e iso condiciona moito o xeito de vivir e o equipamento das casas.

Na maioría das casas de Finlandia hai unha sauna. Unha sauna é unha cabana de madeira cun banco para sentar e unha estufa, que serve para tomar unha especie de baños de vapor. É moi importante para os filandeses, xa que para eles é un método tradicional para lavarse e asemade purificar a pel. Por iso, é o primeiro que constrúen dunha casa. O seu uso constitúe case un ritual que consta de diversos pasos.

En primeiro lugar, os filandeses toman un baño de vapor dentro da sauna, sentados no banco e sen roupa. O vapor obtense fervendo auga na estufa ou ben vertendo auga sobre unhas pedras moi quentes. Os baños de vapor fan suar moito. De xeito que, a través da pel. Se expulsan tódalas substancias impuras do corpo.

A continuación dúchanse en auga ben fría, que previamente colleron en caldeiros dun río ou dunha fonte. A auga é un estimulante porque activa a circulación do sangue.

Despois, dan unha masaxe con ramallos de bidueiro por que fregar os poros da pel coas ramas favorece que se súa máis.

A seguir, Báñanse con xabón en auga quente, que tamén teñen nun caldeiro. A quentura ten efectos sedantes, para afrontar con valentía o derradeiro paso.

Finalmente, envorzállanse na neve á beira da sauna. Pensa que en Finlandia fai moito frío e a neve cobre todo durante moitos meses do ano. Con todo, este paso case non se dá. Sobre todo nas cidades.

Nalgúns países hai saunas de vapor de auga quente coma as filandesas, pero a xente non segue todo o ritual, xa que inon acaban de envorcallándose na neve! Nos países cálidos non hai saunas nas casa, pero si hai en moitos ximnasios; a diferenza é que se empregan para adelgazar e para relaxarse.

1. Marca que se explica no texto.

- ☐ A orixe da sauna.
- ☐ Como se practica a sauna
- ☐ Quen practica a sauna.

2. Fai un resumo do texto.

3. Escribe un texto sobre as actividades de cada día nun balneario.

4. Escribe o artigo que conveña para que concorde en xénero e número co substantivo.

④ ____ augas limpas

→ ____ radio galega

④ ____ mapas mudos

→ ____ aulas baleiras

④ ____ mel sabroso

→ ____ sangue vermello

④ ____ paisaxes verdosas

→ ____ nariz pequeno

④ ____ mesas altas

→ ____ leite fervido



A VIDA NÓMADE NO DESERTO

No deserto de Mauritania, un país de África, moita xente é nómade e vive en tendas. Os pobos nómades non viven sempre no mesmo lugar, pois cada poucos meses trasladan a tenda uns cantos quilómetros máis alá e instálanse alí durante un tempo, ata que se volven trasladar.

Chantan as tendas no medio do deserto, pero en zonas non de todo áridas, nas que crecen algunhas plantas cheas de espiñas e mesmo algunhas arboriña, tamén de espiñas, e tan pequena que debaixo só se cabe deitado.

Iso permítelles recoller unha pouca leña para cociñar e quentarse pola noite.

En cada tenda vive unha soa familia, formada polo pai, a nai e uns cantos fillos, tres ou catro como mínimo. Os veciños máis achegados viven moi afastadas, sobre todo se pensamos que só se poden desprazar a pé ou camelo; poden estar a cinco quilómetros, aproximadamente.

A estrutura da tenda é moi sinxela: non hai paredes, nin dormitorios, nin cociña, nin lavabo; é só un espacio máis ou menos delimitado por unha gran tea branca de algodón, moi grossa e resistente, colocada enriba dun tronco enorme que se crava na area. A tea estírase por diversos puntos para que aguante. Neste espacio é onde de

noite dorme toda a familia, ben abrigada con mantas, e tamén ó mediodía se deleitan para se refuxiaren dos efectos abrasadores do sol.

Arredor de cada tenda pódense ver cabras e camelos, que son os únicos bens que posúe a familia: proporcionánlles leite e carne para se alimentaren, e tamén os poden cambiar na aldea por gran e por outros produtos básicos.

De feito, as cabras poden atoparse a miúdo dentro da tenda, porque elas mesmas escapan do sol coma poden.

1. Escolle o tema do texto entre os seguintes.

☐ Por que hai nómades no deserto.

☐ Como son as tendas dos nómades.

☐ Que animais viven no deserto.

2. Numera (de 1-4) segundo a orde en que se dan estas informacións no texto.

☐ Quen vive nunha tenda.

☐ Como é a estrutura dunha tenda.

☐ Que bens ten cada familia.

☐ Onde se atopan as tendas.

3. Completa.

As tendas nómades atópanse en _____

A estrutura é _____

Na tenda viven _____

Arredor da casa da tenda pódense ver _____